

CONCELLO PLENO

ACTA DE SESIÓN

ORGANO: CONCELLO PLENO
ACTA NUMERO: 2010/09
CARACTER: EXTRAORDINARIA
CONVOCATORIA: Primeira.
DATA: 21 de decembro de 2010

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribadeo sendo as vinte horas e cinco minutos do día **21 de decembro de 2010** reuniúse o Pleno do Concello en sesión convocado ao efecto con carácter ORDINARIO baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Fernando Suarez Barcia e coa asistencia das persoas que á marxe se indican:

Presidente:

D.Fernando Suárez Barcia (Alcalde-BNG)

Concelleiros presentes na sesión:

Polo Grupo do B.N.G.

D. Vicente Castro Reigosa
Dona Mari Luz Alvarez Lastra
D.Horacio Cupeiro Rodríguez.

Polo Grupo do P.P.

D.José Carlos Rodríguez Andina
D^a Ana María Docobo Fernández.
D. Jesús López Penabad
Dona Begoña Sanjurjo Santar.

Polo Grupo do PSG-PSOE

D.Balbino Pérez Vacas
D. Ramón López Pérez
Dona Maria José Rodríguez Arca

Polo Grupo de U.P.R.I.

D. Francisco Rivas Álvarez
Agustín Reymondez Gancedo.

Secretario:

D. Manuel J. Diaz Sánchez

Interventor acctal.:

D.José Vázquez Cupeiro.

Técnico de Admon. Xeral.D.José Rodil Veiga.

Comprobado que se da o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello , nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D.2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta esta e pasase ao tratamento dos asuntos comprendidos na Orde do día:

2010/01/62 1.- RATIFICACIÓN DA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA DO ASUNTO OU ASUNTOS DE CONFORMIDADE CO DISPOSTO NO ARTIGO 82.3 DO REAL DECRETO 2568/1986, DE REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO E RÉXIME XURÍDICO DAS ENTIDADES LOCAIS.

Polo Pleno Municipal, por unanimidade, ratifícase a inclusión na orde do día dos asuntos que figuran na orde do día , non dictaminados previamente por Comisión Informativa, de conformidade co disposto no artigo 82.3 do Real Decreto 2568/1986, de Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, previa explicación da Alcaldía .

2.-LICITACIÓN DAS OBRAS DE REFORMA E AMPLIACIÓN DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE RIBADEO.

O Sr Alcalde explica que non hai un ditame porque a sesión non é urxente, é extraordinaria , facendo referencia a que, despois dos antecedentes e as cousas que pasaron fai unhas meses respecto a outra licitación e tal, que fixo fincapé aos técnicos que por favor encontraran e buscaran unha fórmula de consenso e que os servizos técnicos e xurídicos elaboraron unha proposta e prefire que sexan eles os que o expliquen, polo que lle cede a palabra ao Secretario e que explique todo o que crea conveniente.

Polo Secretario se explica que non é moi usual a intervención no Pleno, pero por non haber unha comisión informativa ten que suplir un pouco a deliberación previa do que sería o dictame, entón o primeiro é o tema da clasificación do contratista que se esixe o grupo C, todos os subgrupos, categoría E, é dicir, dentro do ámbito de construción todos os subgrupos que recolle a normativa que se esixe, e a categoría E , que ven determinada pola anualidade media da obra . Polo que se refire ao xeito de adxudicación, di que unicamente con criterios cuantificables de xeito automático cuantificables ata sumar 100 puntos.

De seguido resumese por Secretaría a valoración: o precio de 0 ata 5 puntos, tendo en conta que é unha obra financiada externamente, polo tanto, o precio non é un factor que sexa interesante para a corporación, e o criterio xa se utilizou na licitación do PEPRI para evitar baixas de que se valora a baixa

ofertada sobre o tipo de licitación, a razón dun punto ou fracción por cada punto porcentual de baixas sobre a baixa promedio das ofertas, ata un máximo de 5 puntos. Explica que esto quere dicir que as ofertas que teñan unha baixa inferior ou igual á baixa promedio teñen 0 puntos e as outras proporcionalmente. O segundo, prazo de execución das obras se valora entre 0 e 25 puntos, pero unicamente se reducen o prazo entre 12 e 16 meses, é dicir, para evitar reducións irrealistas de prazos, que puidera derivar nunha temeridade, unha complicación. E, basicamente, o elemento máis importante da licitación son as melloras na obra, que se puntuán de 0 a 70 puntos, pero partindo dun proxecto, unha addenda ao proxecto que se denomina proxecto de execución de melloras de obras, é dicir os propios redactores xunto co técnico municipal elaboran con carácter indicativo, pero como elemento de valoración tamén para os licitadores unha relación do que eles entenden que son as melloras susceptibles de ser executadas á obra, incluíndo a urbanización da zona e mais como marcadores, placas solares, equipamento deportivo etc. Todos os elementos valorados, de forma que hai un elemento de referencia e teñen os propios licitadores unha orientación. Eso aporta aproximadamente 500.000 euros, e teñen liberdade para plantexar outras. Polo tanto, continúa, estes son criterios puramente automáticos, é dicir, quen ofrezca unha cuantía de melloras que teña o maior importe terá, en principio, os 70 puntos e proporcionalmente os restantes, e logo xogarán outros elementos con carácter puramente automático. De todos modos, a mesa de licitación está facultada expresamente no prego, se algunha proposta ofrece dúbida, poder requerir por escrito, nun prazo de 3 días, ao licitador para que por escrito aclare algunha característica da súa oferta que fora preciso. Polo demais, informa que na mesa de contratación estarán os técnicos correspondentes, ademais do arquitecto e do concelleiro delegado de Medio Ambiente, presididos polo alcalde, correxíndose o funcionario intervinente e sinalando que se trataba do Sr. Concelleiro Delegado de Deportes, e non o de Medio Ambiente, e explica que non hai moito máis que dicir no pliego. Explica que para evitar o problema que se plantexa noutras licitacións, na propia documentación que teñen que aportar teñen que desglosar as melloras a precios descompostos e con prazo de execución, indicando o código, cantidade, unidade, resume, precios e total, que con beneficio industrial, con IVE, etc de forma que poida haber unha valoración efectiva por parte da mesa..

O Sr. López Pérez, do PSOE, di que a inversión é de 2.330.000 euros. O Sr. Alcalde matiza que hai que descontar o proxecto e a dirección de obra.

Asimesmo no turno de intervencións por parte do Sr. Rivas Álvarez, de UPRI, se manifesta que non teñen inconvincente en que se reforme este pavillón, parécelles que é unha obra necesaria para Ribadeo, e recorda que o outro día presentaron unha moción para que se modificara e se convertise en algo máis que o pavillón que hai na actualidade. Di que se trata dun documento técnico, que lle parece un traballo moi loable e que está moi ben feito pero que, como se puideron ter incluído nas melloras algo que plantexaron o outro día de

converter ese pavillón sen deixar os vestiarios, xa que considera que é un atranco para o futuro desenvolvemento de Ribadeo e de empresas moito maiores, polo que se van abster nese punto.

Prosegue explicando respecto á súa abstención, que non é por nada se non por esa razón de que pedían que se fixera algo máis que un pavillón ó uso, que se convertise en algo máis, entón están totalmente de acordo coas bases, parécelle un traballo moi exquisito pero por esa razón abstéñense.

Intervén de seguido o Sr. López Pérez, do Grupo do PSOE, que di que eles cren e xa o manifestaron repetidas veces que con esta inversión se atopaban con unha oportunidade única de facer un pavillón en Ribadeo en condicións, que non só puidese albergar actividades deportivas etc. se non un pavillón multiusos como hai noutras vilas moi semellantes a Ribadeo, incluso negociando coa propiedade colindante, involucrando a outras administracións porque, repite, que é unha oportunidade única con unha subvención de case 400 millóns das antigas pesetas, cren que se podía facer algo máis, polo menos que se podería intentar facer algo máis, non simplemente como di a orde do día “Reforma e Ampliación do Pavillón Vello”.

Prosegue reiterando o Sr. López Pérez que cren que se debería ir máis alá e intentar abarcar e facer un novo pavillón, pero que esa é a súa postura. En canto ao pliego de cláusulas administrativas, parécelles ben, por eso van votar a favor, o que non quere dicir que a súa idea de cómo se debería facer o pavillón teña nada que ver coas cláusulas administrativas, que as viron e as leron e parécelles perfecto. Quere recordar, tomándolle a palabra ao Sr. Alcalde, que non volva suceder como sucedeu na adxudicación das obras da travesía, que haxa que cambiar a clasificación dos contratistas ata 2 veces, como se cambiou naquela adxudicación. Dí que agardan que o que di da clasificación do contratista, como ben dicía o Sr. Secretario, todos os subgrupos, e que non haxa que modificar un subgrupo, e que as empresas que concurran as cumpran todas. Remata dicindo que é unha pena que non intentasen abarcar un novo pavillón, pero a súa postura vai ser a favor do pliego de condicións.

Continúa intervindo o Sr. Rodríguez Andina, do Grupo do PP, que manifesta que en realidade o debate sobre qué tipo de pavillón, que reforma ou que modificación foi cando se presentou o proxecto, e eso está debatido, votouse, saíu o que saíu, e agora o seu grupo entende que do que se trata é de analizar as bases de adxudicación e parécelles que son absolutamente serias e obxectivas, e polo tanto felicitar a quen as redactou e votar a favor. Recorda que o último día eles xa dixeron que o mellor era tirar con todo e facer un novo,

pero que eso xa non é de hoxe que é de outro día, e tamén dixeron que os multiusos non lles gustan demasiado pero que tampouco é de hoxe, é que xa se deliberou sobre a cuestión.

O Sr. Castro Reigosa, concelleiro de Deportes, di que referente a que os vestiarios limitan a extensión do pavillón, se fai conforme a unha normativa oficial que vai paralela e conforme ao aforo que ten cada tipo de pavillón. Explica que este pavillón se entende como determinados pavillóns de barrio, para unha capacidade non superior a 500 persoas, que ten que ter unhas medidas determinadas de distancia a pista, de ancho, e de largo e de capacidade concreta que cumpre, é dicir, que os vestiarios non son ningunha obstrucción para cumprir a normativa para que se permita ter o aforo de 500 persoas, e pasar de 500 persoas xa entra nunha denominación moi superior e evidentemente cun coste moi superior.

Prosegue o Sr. Concelleiro Delegado a súa intervención informando que se aquí se meten en torno a 500.000 euros para melloras e o resto, os 2.500.000 euros van no proxecto do pavillón, deberían imaxinar canto costaría un pavillón de aforo superior e de maior capacidade. Continúa dicindo que, á parte deso, e referente ao multiusos, o propio convenio da Deputación recolle que é para uso deportivo, non destinado a outros usos que non sexan deportivos. Pensa que o pavillón recolle todas as posibilidades de temas xa tratados neste pleno anteriormente, referentes a locais para asociacións e clubs, que xa se deixou previsto precisamente cando se fixeron os vestiarios, xa se deixou a planta prevista e tamén xa previsto para ampliar para arriba, de cara a facer cambios, e despois todos os locais de normativa, caldeiras, sala de enfermería, ascensor, aseos de diminuídos, almacéns, todo o equipo adaptado á normativa oficial que lle corresponde a este pavillón, polo tanto, se se quixera algo superior habería que irse a unha financiación moi superior, que non terían capacidade posiblemente de cubrir nin con fondos do concello nin con fondos doutras administracións.

Remata a súa intervención indicando que considera que con un pavillón desta magnitude e coa inversión que se fai cre que Ribadeo queda cuberto suficientemente para a actividade deportiva de pista cuberta para moitos anos.

O Sr. Alcalde intervén dicindo que subscribe o que di o Sr. Concelleiro delegado de Deportes e agradece a todos que voten a favor ou en todo caso, que se absteñan, e pensa que a esencia deste non se vai ver feita neste mandato rematado, xa que é obvio que vai tardar polo menos 3 meses en licitarse, adxudicarse etc. que a seguinte corporación verá esto feito.

Entón será no primeiro ano e pico de mandato da seguinte Corporación para os que estean no goberno ou na oposición, di que sería unha boa cousa, que todos fan votos para que a seguinte corporación convide aos que xa non estean desta para ir á inauguración. Pide que o que teña o goberno daquela

que se acorde do día de hoxe. Di que vai ser algo máis que o pavillón que xa é, que vai ser moito máis. Explica que viu o outro día unhas fotos virtuais do proxecto que vai ser moito máis en volume, en sevizos, en capacidade, máis que un mero pavillón reformulado, que aínda que o proxecto poña reforma e ampliación é novo, totalmente novo.

Prosegue dicindo o Sr.Alcalde que hai unha cousa que se ten en conta, dúas cousas en Ribadeo que os preocupan pola súa situación extrema, unha está detrás de nós (en referencia ao edificio da Torre dos Moreno), dunha gravidade tan grande que agora non é o caso nin o momento pero informa que, en breve, se saberá que é moi grave a situación e a outra é case igual de extrema (a do actual Pavillón vello), de fatiga estrutural de todo, de desgaste, ata tal punto que recomendan que eso non pode seguir así, como din aquí, hai que pensar ou en amañalo ou en demolelo; unha de dúas, e é unha circunstancia que se debe ter aí, que esto chega “ao pelo” no momento último, entón é algo tamén importante para Ribadeo, para ter máis dotación, para ter máis servizos e para eliminar un problema de seguridade pública, de primeira orde, e hai que ter en conta tamén que vai ser unha pista, pero que segundo a configuración poden ser tres, que atravesadas son tres.

De seguido polo Pleno Municipal, por 11 votos a favor (dos membros dos Gurpos Municipais de BNG, PP e PSOE) e 2 abstencións (dos membros do Grupo Municipal de UPRI), acordase:

1º. A aprobación do Prego de condicións económico-administrativas para a licitación do proxecto de “Reforma e ampliación do Pavillón Polideportivo de Ribadeo”, e a subseguinte contratación da obra, e a tramitación conforme ao procedemento legalmente establecido.

2º. Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións, sexan precisos para o bo fín dos acordos adoptados.

3.-ADOPCIÓN DE ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE O MINISTERIO DO INTERIOR –SECRETARÍA DE ESTADO DE SEGURIDADE E O CONCELLO DE RIBADEO PARA INCORPORACIÓN DO CORPO DA POLICÍA LOCAL AO SISTEMA DE SEGUIMIENTO INTEGRAL DOS CASOS DE VIOLENCIA DE XÉNERO.

Dada conta da proposta de acordo epigrafiado , obrando igualmente copia do “protocolo de colaboración e coordinación entre as forzas e corpos de seguridade do Estado e os corpos da Policía Local para a protección das vítimas de violencia doméstica e de xénero”, asinado enre a Presidencia da FEMP e o Ministerio do Interior.

Tras dunha sucinta mención ao mesmo efectuada pola Alcaldía , por unanimidade polo Pleno Municipal , en votación ordinaria acordase:

1º.- A aprobación do acordo de colaboración entre o Ministerio do Interior – Secretaría de Estado de Seguridade e o Concello de Ribadeo para incorporación do Corpo da Policía Local ao sistema de seguimento integral dos casos de violencia de xénero, conforme ao modelo de acordo de colaboración remitido.

2º. A adhesión da Policía Local de Ribadeo ao “Protocolo de colaboración e coordinación entre as forzas e corpos de seguridade do Estado e os corpos da Policía Local para a protección das vítimas de violencia doméstica e de xénero”, de marzo de 2006.

3º Solicitar a incorporación do Corpo da Policía Local ao sistema de seguimento integral dos casos de violencia de xénero.

4º. Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións, sexan precisos para o bo fin dos acordos adoptados.

4.- APROBACIÓN DE PROTOCOLO DE ADHESIÓN Á REDE DE CENTROS PARA A MODERNIZACIÓN E INCLUSIÓN TECNOLÓGICA DA XUNTA DE GALICIA (REDE CEMIT) ENTRE A XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE RIBADEO.

O Sr. Alcalde explica que tamén é un convenio, protocolo de adhesión que deriva nunha aportación por parte da Xunta de Galicia, debéndose ter unhas condicións determinadas, que entende que se cumpren ao ter o telecentro na Casa da Xuventude, entón se o Concello pon o continente e unha parte do contido importante, a Xunta financia o 80% do custo do persoal dunha soa persoa, e o resto, o 20% o pon o Concello. Debe de dicir que no pasado a Xunta aportaba dúas persoas, dispoñía ela e nada máis, e agora vai financiar o 80% de unha delas. Di que así é o tema, se se quere ben e se non déixase, pero que o concello sí que o quere.

O Sr. Rivas Álvarez, de UPRI, pregunta se esta persoa só é para o telecentro do que se está a falar ou para todos os telecentros de Ribadeo.

O Sr. Alcalde contesta que entende que é para a Rede CEMIT, que é para o que se poida facer en Ribadeo. Que a base de operacións será aquí pero que a capacidade de desdoblar unha soa persoa para ir por todos os sitios a un tempo vai ser complicado.

O Sr. Rivas Álvarez dí que quere aclarar que hai centros ou telecentros por ahí, nalgúns sitios cando foron ás parroquias, que tiñan unhos ordenadores que algúns non funcionaban, a outros incluso lles puxeran clave de usuario os propios veciños, e só os podían utilizar eles, e pide que se vixie eso e que se saque máis rentabilidade a estes telecentros, que parece unha boa idea pero ten que estar en funcionamento.

O Sr. Alcalde di que os telecentros teñen casuísticas diversas nese tema, houbo algunha parroquia que algunha vez se lle tivo que dicir á directiva que non foran tan restrictivos porque os ordenadores eran para usar, e incluso de boa fé para estropear polo uso, entón tiveron que dar un toque de atención nese sentido, e tamén dar algún toque no sentido contrario. Concretamente un dos primeiros sitios, unha parroquia, dos primeiros, hai anos, que fora coa financiación do plan LEADER, aquilo chegou a desaparecer fisicamente, chegaron a romper, a facer botellón alí dentro, unha cousa horrible e horrorosa, foi o outro extremo.

Prosegue sinalando o Sr. Alcalde que despois di que hai veces que algunhas parroquias chaman e din que non funciona o ordenador, e mandan amañalo, e outras que igual pasa un tempo e non avisan a ninguén, e van por alí e ven que non funcionan. Explica que tamén teñen casuísticas de que alguén, de repente, lle pon un contrasinal, entón non se sabe quen é, e obriga a, cando se lles alerta do tema, mandar ao informático a que formatee todo e o poña a cero outra vez, pero claro non teñen unha persoa coa chave, como non é a Igrexa de Vilaselán, que hai que ir buscar a chave.

Informa asimesmo o Sr. Alcalde que nos teleclubes, escolas, ás veces, hai parroquias que o levan con máis rigor e outras con menos rigor, entón sempre vai haber un problema neso. Pero, en todo caso, se se tivera máis persoal sería máis sinxelo.

O Sr. Rivas Álvarez di que eles non teñen problema ningún.

O Sr. López Pérez, do PSOE, di que o seu grupo vai absterse, non porque non estean de acordo con estes telecentros, cre que hai unha cuestión e é que esto é ata o 31 de decembro de 2012. Vaise contratar a unha persoa e cre que había que ter en conta a nova redacción do artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, que ten unha nova redacción que di que toda aquela persoa que traballe 24 dos últimos 36 meses na Administración pode recurrir a magistratura e quedar indefinido contratado pola Administración, fora cal fora o posto no que traballara na Administración. Entón di que non vaia a ser que se atopen que pola porta "faxeira" entre unha persoa máis ao concello, entón di que hai que mirar a responsabilidade de cómo se vai contratar a esa persoa, qué tipo de contrato se vai facer e qué cláusulas se van poñer porque, á parte que ten que pagar o concello un 20%, que é unha cantidade importante pero pódense atopar ante esta situación e imaxina que o Sr. Alcalde xa sabe que hai

unhas persoas que teñen relación co concello e tenen reclamado pola nova redacción dese artigo 15, e non se sabe o que vai pasar, ao mellor se ten que facer cargo o Concello delas e cre que este pode ser un caso igual, entón di que debería terse en conta, por eso eles vanse abster.

O Sr. Alcalde manifesta que lamenta que ese argumento sexa o que serve para a abstención, porque por esa mesma regra de tres, non se fai nada, non se contenta a ninguén e non se da ningún servizo.

O Sr. López Pérez di que está deixando a porta aberta e que se mire a situación.

O Sr. Alcalde di que eso realmente é unha especie de contrato de adhesión pola Xunta, que da unhas condicións que hai que cumprir e da a subvención e un servizo. Di que hai que recordar que o telecentro de Ribadeo é o máis usado de toda Galicia, en relación habitantes usuarios, o máis usado. Di que é un servizo que lle gustaría que foran calquera día que escollesen por alí, e verían xente da terceira idade, que nunca tivo achegamento tecnolóxico ningún, como está alí con dous dedos encantadísimo da vida e traballando, aprendendo, comunicándose etc, como a xente nova o utiliza para o seu aprendizaxe, di que lle parece un servizo imprescindible para Ribadeo, pero bueno, non sabe.

Asimesmo o Sr. Alcalde explica que o Estatuto dos Traballadores é de aplicación a nivel estatal e el non pode cambialo, que ao Estatuto dos Traballadores lle dan unha nova redacción. Estes últimos cambios cre que o goberno que lle deu o cambio era da súa cor política (do PSOE) non da súa (BNG), entón en fin, di que se terán que adaptar cos instrumentos que hai.

O Sr. López Pérez, sinala ao Sr. Alcalde que quere dicir que nas bases da contratación desa persoa se pode facer constar que non traballara antes na Administración, e que ata o 31 de decembro de 2012 non van ser 24 meses, van ser 23, pero se non traballou antes na Administración non entra neses supostos, ou sexa, é unha cuestión que se pode estudar polos servizos xurídicos, laborales, persoais do concello, e non ter que cargar ao mellor con outra persoa máis cando non hai subvención.

O Sr. Alcalde di que é moi relativo, que el cando hai unha oposición non pode dicir que non veñan os que xa estaban, eso que llo dixese alguén doutro tipo de crenza política podería entendelo pero non que o diga o PSOE.

O Sr. López Pérez di que iso non ten que ver, que están falando dunha realidade.

O Sr. Alcalde responde que se queda co que dixo el mesmo, que antes a Xunta non sabe que sistema de contratación tiña porque non lles daba contas, aquí

envíaba dúas persoas que fixeran unha serie de cursiños por aí, e agora, con aquilo de que non hai diñeiro o que dixeron foi “mira como moito podemos aceptar esto, se o queredes ben e se non pois vós mesmos, contratade e pagade vós a quen queirades”, entón por esa diferenza decidiron pagar o 20% en vez do 100%.

O Sr. López Pérez admite que leu o protocolo e que lle parece estupendo, e moi boa intención, pero di que é unha situación que se pode dar, e entón se se pode dar haberá que solucionala simplemente, pero como eles non a van estudar, porque quen a ten que estudar é o goberno.

Dí o Sr. Alcalde que o que lle preocupa é que teñen moito equipamento, aquí e nas parroquias, que non se lle está dando todo o uso que se debería e alguén o ten que dar.

O Sr. López Pérez di que se lle vai dar, de todas maneiras, ata o 31 de decembro de 2012.

O Sr. Alcalde di que eles teñen que cumprir o protocolo tal cual está, tanto para eles como para 50 concellos máis, porque os hai de todas as cores políticas.

O Sr. Rodríguez Andina, do PP, pregunta se o protocolo obriga a contratar directamente os 24 meses a unha persoa.

O Secretario responde que eso habería que estudialo coa propia Xunta, se ao mellor puideran ser contratos de 12 meses, porque o tema é moi delicado porque calquera persoa que traballase en calquera posto no concello neste ano, converteríase en indefinido. Di que o problema é que na modificación que di o Sr. López Pérez é unha modificación de xuño de 2010, da cal el discrepa radicalmente, pero que cambiou e o que era a fixeza no mesmo posto, pero é que en calquera outro posto, con o cal como pase dos 24 aos 36, indefinido.

O Sr. Rodríguez Andina, do Grupo Municipal Popular di que hai que distinguir dous aspectos, un que se quere que funcione ese servizo, polo tanto insta a acollerse ao convenio correspondente, e que, por outra parte, hai unha serie de cautelas que haberá que tomar para non incrementar innecesariamente a plantilla do concello se se pode evitar. Pide que se estudie e analice que é algo que pode facerse.

Por Secretaría se manifesta que se pode consultar se se pode contratar por 12 meses.

O Sr. Rodríguez Andina di que o que non pode ser é que pola porta de detrás, por acumulación de 24 meses, unha persoa quede ligada indefinidamente, porque eso non parece lóxico, entón cre que o seu grupo o que anuncia é que van votar a favor, sen ningunha dúbida dese convenio, agora piden que polos

servizos xurídicos se analice a posibilidade de que a contratación non leve automaticamente a un incremento de plantilla do concello.

O Sr. López Pérez explica que os traballadores do GRUMIR demandaron ao Concello para quedar como indefinidos, e o Sr. Alcalde di que hai 50 concellos máis da provincia na mesma situación.

O Sr. Rodríguez Andina responde que se se sabe agora de onde veñen os problemas para os casos seguintes.

O Sr. Castro Reigosa intervén para dicir que aproveitando o comentario do Sr. López Pérez quere mencionar que lle chama a atención que unha medida que se toma como creación de emprego e sobre todo de emprego fixo, porque supón que a medida tomada polo goberno de España, como se lle chama bastante ultimamente por aí e apunta que resulta que vai ter o efecto contrario. Explica que como van pasar dos 24 meses non os van contratar, vai ter o efecto contrario, di que se está referindo á medida política, que entende que foi tomada para que a xente contratada collera a condición de fixa, para mellorar, e resulta que vai ter o efecto contrario, di que o di porque lle chama a atención que a referencia a fixera precisamente un do grupo que ditou a norma.

O Sr. López Pérez replica que el non está no goberno en Madrid.

O Sr. Castro Reigosa di que bastantes veces fai referencias a el defendéndoo.

O Sr. López Pérez, pregunta como lle chama o Sr. Castro Reigosa ao goberno de España.

O Sr. Castro Reigosa di que, como din por aí ultimamente, o goberno de España, que creou a norma e que vai surtir o efecto contrario.

O Sr. Rodríguez Andina, do Grupo Popular, manifesta que en Ribadeo discrepan da norma referida.

Por parte do Sr. Alcalde dise que van contratalo, facer unha convocatoria por 12 meses e antes de que rematen os 12 meses facer outra.

O Sr. López Pérez dí que non quere que se incumpra o protocolo, e que nesas condicións van votar a favor.

O Secretario informa que debería facerse unha proposta á Xunta, segundo o manifestado no Pleno.

O Sr. Alcalde di que van partir de que fan a proposta da convocatoria por un ano, salvo que a Xunta diga o contrario, e supón que antes de que remate aquel ano deben saber se teñen que facer unha nova convocatoria.

De seguido, polo Pleno Municipal , por unanimidade, en votación ordinaria acordase:

1º.- A aprobación do protocolo de adhesión á Rede de centros para a modernización e inclusión tecnolóxica da Xunta de Galicia (rede CEMIT) entre a Xunta de Galicia e o Concello de Ribadeo.

2º. Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións, sexan precisos para o bo fin dos acordos adoptados.

5.-DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA SOBRE ACTUACIÓNS URXENTES POR RISCO DE CONFORMIDADE CO ARTIGO 21. 1 M.) DA LEI 7/1985.

Dase conta das Resolucións da Alcaldía-Presidencia que se transcriben de seguido, de conformidade e aos efectos do art.21.1.m.da Lei 7/1985 de Bases do Réxime Local:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDIA DE ADOPCIÓN DE MEDIDAS POR SITUACIÓN DE RISCO.-

Pola alcaldía-Presidencia visto o informe de data 14 de decembro de 2010 do arquitecto técnico municipal don Luis Menéndez Arbesú en relación coa canle actual do río Grande, concretamente entre a zona de A Ponte e Os Batais, no que, facendo referencia a outro informe anterior de 19 de agosto de 2010, se sinala que o canle natural do río por mor da expresa vexetación e falta de limpeza desbordouse orixinando que a canle discorra polas leiras lindesiras tendose producido inundacións en edificacións e explotacións con cuantiosos danos materiais e poñendo en perigo a integridade física das persoas.

Considerando, que segundo os antecedentes existentes, Augas de Galicia non contestou aos informes emitidos anteriormente nin procedeu á limpeza do río e que coas recentes chuvias estase a producir o fenómeno de que o curso do río acomódase, debido á falta de limpeza, ao seu novo trazado e se produce un perigo constante á explotación gandeira próxima, segundo as fotografías que se achegan.

Advertido por Secretaría de que é precisa a autorización de Augas de Galicia ou do Organismo competente da Comunidade Autónoma, pero considerando, que a situación non pode manterse por mais tempo e que como Alcalde de conformidade co disposto no artigo 21. 1. m) da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local, ven atribuído á Alcaldía a atribución de adoptar persoalmente baixo a súa responsabilidade en caso tanto de catástrofe

como de infortunios públicos ou grave risco dos mesmos as medidas necesarias e adecuadas dando conta inmediata ao Pleno,

Considerando, que segundo o informe técnico do día de onte e segundo os antecedentes dos danos causados coas chuvias con anterioridade, compre adoptar as medidas necesarias e adecuadas polo grave risco que esta Alcaldía aprecia e restaurar as condicións de confianza e tranquilidade dos veciños afectados.

Considerando, como motivación deste acto, de conformidade co artigo 89.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das AA.PP. e do Procedemento Administrativo Común o informe técnico antecitado que se engade como anexo,

RESOLVO:

1º. Que baixo a dirección do técnico municipal se tomen de forma urxente as medidas oportunas como son as imprescindibles para salvagardar a explotación gandeira en casos de novas crecidas, evitando desta forma danos materiais e poñer en perigo a integridade física dos veciños, no lugar a que se circunscribe esta Resolución de tal xeito que se eviten tanto os danos materiais como persoais, baixo a responsabilidade do Alcalde que subscribe.

2º. A dación de conta ao primeiro Pleno que se celebre de conformidade co esixido no meritado artigo da Lei de Réxime Local.

Mandao e asinao o Sr. Alcalde-Presidente en Ribadeo a 15 de decembro de 2010, do que eu Secretario dou fe.”

RESOLUCIÓN DA ALCALDIA DE ADOPCIÓN DE MEDIDAS POR SITUACIÓN DE RISCO.-

Pola alcaldía-Presidencia visto o informe de data 14 de decembro de 2010 do arquitecto técnico municipal don Luis Menéndez Arbesú en relación coa canle actual do río Queixoiro, no tramo que discorre pola Casa de Agrelo no que se sinala a existencia de perigo nas edificacións de pedra e que se teñen producido a anegación dos baixos das vivendas no lugar de A Currada, e producido danos materiais nas inundacións do mes de xuño.

Considerando, que segundo o informe referido o canle polo que discorre o curso do río é insuficiente e que dende a Oficina técnica se insta á Alcaldía a que se tomen de forma urxente as medidas de limpeza do río, evitando desta forma danos materiais e poñer en perigo a integridade física dos veciños, sen que se teña contestado nada por Augas de Galicia nin procedido á limpeza do río.

Advertido por Secretaría de que é precisa a autorización de Augas de Galicia ou do Organismo competente da Comunidade Autónoma, pero considerando, que a situación non pode manterse por mais tempo e que como Alcalde de conformidade co disposto no artigo 21. 1. m) da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local, ven atribuído á Alcaldía a atribución de adoptar persoalmente baixo a súa responsabilidade en caso tanto de catástrofe como de infortunios públicos ou grave risco dos mesmos as medidas necesarias e adecuadas dando conta inmediata ao Pleno,

Considerando, que segundo o informe técnico do día de onte e segundo os antecedentes dos danos causados coas chuvias con anterioridade, compre adoptar as medidas necesarias e adecuadas polo grave risco que esta Alcaldía aprecia e restaurar as condicións de confianza e tranquilidade dos veciños afectados.

Considerando, como motivación deste acto, de conformidade co artigo 89.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das AA.PP. e do Procedemento Administrativo Común o informe técnico antecitado que se engade como anexo,

RESOLVO:

1º. Que baixo a dirección do técnico municipal se leven a cabo os traballos de limpeza do río e no seu caso de cortas de árbores e maleza que obstaculicen o curso no lugar a que se circunscribe esta Resolución de tal xeito que se eviten tanto os danos materiais como poñer en perigo a integridade física dos veciños , baixo a responsabilidade do Alcalde que subscribe.

2º. A dación de conta ao primeiro Pleno que se celebre de conformidade co esixido no meritado artigo da Lei de Réxime Local.

Mandao e asinao o Sr. Alcalde-Presidente en Ribadeo a 15 de decembro de 2010, do que eu Secretario dou fe.”

O Sr. Alcalde explica que por mor dos fenómenos atmosféricos que aconteceron no verán, de chuvia e desbordes de ríos e regatos, e mil problemas que houbo e que aínda, a día de hoxe, se están padecendo. Reitera que unhas administracións se comprometeron máis que outras, matiza que o goberno de España pouco, xa que saíu o tema antes, e fai referencia tamén a que o Concello estivo tapando baches e solucionando problemas e que hai poucos días choveu e que entende que se volta producir a situación de grave risco de circunstancias catastróficas, nos lugares a que se refiren as resolucións.

O Sr. Alcalde prosegue efectuando unha explicación polo miúdo, ante o Pleno, da situación das edificacións e explotacións existentes afectadas sinalando que se estiveron facendo xestións ante Augas de Galicia, co Conselleiro, o Xefe de Servicio, etc. e non actúa con ánimo bélico pero tomouse unha decisión de emerxencia e foi informado do risco en que incorre e non quere ser mártir pero mandou facelo e considera que non incumpre nada gravemente, que poido morrer xente e que estivo ahí, sen meterse no medio do río, mandou facer nunha propiedade que colinda, un parapeto de terra para que non se meta a auga na estabulación.

Igualmente refírese a posibilidade de sanción por parte da Xunta de Galicia e que a obra está feita e pendente de pago.

Refírese o Sr. Alcalde tamén a que había un rego encauzado e empedrado e atorouse todo e quedou cego e que sabe que Augas de Galicia non ten diñeiro e que hai tramos en que o fixo ben, moi ben, e ás veces mais do que pedían, e sabe que corre un risco pero que decidiuse á adoptar unha solución e fai referencia a determinados traballos que levou a cabo tamén o Alcalde de Vilanova de Lourenzá.

O Sr. Rodríguez Andina intervén manifestando que non lles da medo o que fixo o Alcalde e teñen a mesma preocupación pero non teñen xeito de amañalo.

O Sr. Rivas Alvarez, do Grupo Municipal de UPRI manifesta que lles parece ben, pero que sería bo, como ten sinalado, canalizar o río.

O Sr. López Pérez, do Grupo PSOE, pola súa parte advirte que hai mais zonas afectadas e o Sr. Alcalde dí que efectivamente hai outras pero que non afectan a persoas pero que tamén están nunha situación mala, e faise mención especificamente á Ponte da Acea, en Reme, que se cae.

Prosegue a deliberación intervindo varios Concelleiros e o Sr. Alcalde manifesta que o fixeron pola situación de perigo e reitera que falou co Xefe de Servicio, co Concelleiro e que fixo consultas respecto a outro problema que existe e que se produce no Encoro de Lexoso, que está colmatado nun 90 % e fai mención e explica o problema que se deriva para a traída que ven dende Vilarbetote, e que o Sr. Conselleiro é o coñecedor do asunto dende fai un mes, e que é preciso facer un cambio de tubería e limpar o encoro de Lexoso e agarda que lle manden a alguén.

Prosegue a deliberación sobre este problema, deliberándose sobre o mesmo.

Dase polo tanto por cumprido o trámite de dación de conta ao Pleno Municipal das Resolucións transcritas.

De seguido polo Sr.Alcalde levantase a sesión, sendo as vinte horas e corenta e cinco minutos extendéndose a acta presente, do que, como Secretario, certifico.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,